



ALBERTE MONTES

PRESENTA

PATRÓN

PATRÓN é un espectáculo moi especial. Unha homenaxe a esa figura icónica da cultura popular galega. Ese cabeza de familia, xefe da cuadrilla, ese *pureta* que se cre máis e con máis poder do que en realidade ten.

Alberte vaise facendo maior e cre estar entrando nun proceso de "empatronamento". Tics, manías, xeitos de facer estanlle marcando o camiño. A súa vida cambiou un chisco nos últimos tempos. Vai quedando atrás o Alberte mozo, que saía un martes e non tiña resaca o mércores, que durmía máis cas mantas ou que non tiña que preparar o IVA trimestral.

Neste espectáculo, Alberte tamén renderá tributo ó patrón de referencia, seu pai.

Duración: 70 minutos.

Necesidades técnicas:

- Mesa e equipo de son.
- Micro sen cable (preferible diadema).

Escenario:

- 6m de ancho por 4m de fondo (adaptable a outras medidas).
- Banqueta ou cadeira.
- Auga.

ALBERTE MONTES é actor e cómico. Formado no Estudi Nancy Tuñón i Jordi Oliver de Barcelona, segue ampliando os seus recursos actorais en distintos cursos de expresión corporal, voz, cásting, clown ou loita escénica.

En teatro acumula máis de dezaseis anos como profesional, tendo xirado por España en compañía e con espectáculos propios de stand up comedy. Como cómico conta preto de 1.000 actuacións en directo e dous monólogos gravados para **CENTRAL DE CÓMICOS**, programa de Comedy Central. Ten actuado xunto a cómicos coma Ignatius, Rober Bodegas ou Carlos Blanco.

Colaborou en programas de humor como **BUENAS NOCHES Y BUENAFUENTE** ou **EN EL AIRE** de El Terrat, e outros da TVG, entre os que destacan, **LAND ROBER** ou **LUAR**.

Na súa faceta de colaborador e reporteiro participou dos programas **LOS LUNES AL GOL** e **LOS INFILTRADOS** ámbolos dous da canle Gol TV.

Como actor participou recentemente en **BIRD BOX BARCELONA**, película de Álex e David Pastor. Púdoselle ver tamén noutras como **EL OLIVO** de Iciar Bollain ou REC 4 de Jaume Balagueró.

Na Televisión de Galicia protagonizou as series de comedia **DO DEREITO E DO REVÉS** e **AUGASQUENTES**. Interveu ademais en **VIDA PERFECTA** ou **MATAR AL PADRE**, ámbalas dúas de Movistar+.

Forma parte do elenco da serie **EL PUEBLO** (Prime Video) e foi un dos protagonistas de **FARIÑA** (Netflix).

Colabora tamén en radio, tendo participado en numerosos espazos, entre eles **LA VENTANA** de Cadena SER. Na actualidade forma parte do magazín **XAVIFÒRNIA** de Ràdio4 (RNE).

É tamén guionista, director e locutor.

CONTACTO



www.hermanagerproducciones.com

Xosé Manuel Fernández Montes
HERMANAGER PRODUCCIONES

657 01 45 55 / xosemanuel@hermanagerproducciones.com